



**Memoria da modificación da Relación de Postos de Traballo do Persoal
de Administración e Servizos**

Área de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns

Xullo 2020

Versi3n 7

Índice

1. Consideracións xerais	3
2. Área de Tecnoloxías da Información e Comunicións	4
3. Traballos previos de avaliación do estado das TIC na USC	6
4. Proposta de reforma da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicións	6
4.1 Modelo de funcionamento	6
4.2 Dotación	7
4.3 Estrutura	8
4.4 Subdirección de Infraestruturas	10
4.5 Subdirección de Servizos para a Docencia e a Investigación	11
4.6 Subdirección de Coordinación e Operación	12
4.7 Subdirección de Proxectos	13
4.8 Subdirección de Ciberseguridade	13
6. Unidades organizativas	14
6.1 Creación de unidades	14
7. Categorias laborais	14
8. Modificacións da relación de postos de traballo de persoal laboral	14
8.1 Creación de postos	14
8.2 Cambios de categoría de postos	18
8.3 Cambios de denominación e categoría de postos	19
8.4 Cambio de adscrición, denominación e categoría de posto	22
8.5 Supresión de posto	23
Anexo I. Valoración económica das modificacións	25
1. Resumo: custo total modificación presentada	25
2. Creación de postos	25
3. Supresión de postos	25

1. Consideracións xerais

A Relación de Postos de Traballo (RPT) do Persoal de Administración e Servizos (PAS) veu sendo obxecto de modificacións puntuais, de distinto calado, que daban resposta en moitos casos a cambios na estrutura organizativa a nivel político.

Un dos eixos da Proposta de Plan para o Persoal de Administración e Servizos 2019-2022 é precisamente a revisión da relación de postos de traballo cos seguintes criterios:

“Como se expoñía na análise inicial a relación de postos de traballo actual é demasiado rixida o que dificulta a organización dos recursos humanos e non permite adecuarse á prestación de novas funcións nin ao recoñecemento dunha carreira profesional que non estea baseada na inflación dos niveis dos postos que nela se describen.

Nesta revisión implantaranse as seguintes medidas:

- Apertura a varios grupos de postos que estean clasificados ata o nivel 25 permitindo desta forma a promoción desde grupos inferiores.

[...].

- Unificación de categorías que actualmente están desenvolvendo funcións similares.

- Reorganización e redistribución de efectivos e funcións para adecuar as cargas de traballo á dimensión das unidades.”

De seguido, establecíanse unha serie de áreas prioritarias para comezar o traballo de revisión entre as que figuran a Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC).

A reforma da ATIC incluíuse na Programación plurianual da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2015-2019, nas accións Modernización da estrutura organizativa da área TIC e Creación e aplicación dun catálogo de servizos da Área TIC, pero non se chegou a realizar.

A Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade, co obxecto de impulsar definitivamente a reorganización desta área, incluíuna na Programación plurianual da Universidade de Santiago de Compostela 2019-2022, aprobada polo Consello de Goberno o 28 de maio de 2019, onde se establecen as seguintes accións:

– [6.6.1] Orientación da prestación de servizos TI á satisfacción das necesidades percibidas polos usuarios/as. Identificación dos servizos desde a perspectiva dos usuarios e formalización dunha carta de servizos.

– [6.6.6] Definición dunha nova estrutura da ATIC. Configuración da ATIC orientada a unha prestación de servizos. Coordinación coas accións referidas ao ENS (liña de actuación 3.8)

Os obxectivos que persegue a reforma da estrutura de persoal da Área das Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (ATIC) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) que se propón neste documento son:

- Actualizar a estrutura da ATIC para recoller as funcións e responsabilidades que asume o persoal da Área.

- Diseñar unha estrutura de persoal para orientar o traballo da Área cara á provisión de servizos TIC á comunidade universitaria, poñendo o acento nas necesidades do alumnado e profesorado.

- Establecer unha estrutura de persoal, funcións e responsabilidades adaptada aos cambios que se prevén nos próximos anos na provisión de servizos TIC.

Por último, este informe redactouse coa información que se recolleu nos meses anteriores ao 14 de marzo de 2020, momento no que se decretou o estado de alarma pola situación creada pola pandemia da COVID-19. Con certeza, moitas das respostas das persoas que participaron no proceso de discusión que precedeu a esta

proposta de reforma da Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (ATIC) da USC serían moi diferentes de terse dado o debate nas circunstancias actuais.

A inmersión obrigatoria na docencia e no traballo a distancia son claves para valorar a dimensión da reforma necesaria do servizo ás TIC na USC. A experiencia destes meses nas unidades da USC e, en especial, na ATIC achéganos novas claves e solucións que deberán implantarse nos próximos meses de forma permanente.

Sen ánimo de sermos exhaustivos, pois será necesaria unha reflexión colectiva da comunidade universitaria que saque proveito da experiencia destas semanas, enuméranse a continuación algúns dos aspectos relacionados cos servizos necesarios para dar apoio á docencia non presencial e ao teletraballo, que xa estaban recollidos no diagnóstico previo pero que se amplificaron e concretaron na experiencia de dar apoio ás funcións universitarias durante o período de confinamento. Estes aspectos son:

- A necesidade de que o alumnado e o PDI podan utilizar a aplicación de docencia desde calquera localización física con acceso á Internet.
- O uso intensivo das aplicacións na nube e a necesidade dunha maior difusión das ferramentas dispoñibles para o seu uso.
- A conveniencia de dispor de almacenamento da documentación profesional na nube para garantir o acceso desde calquera localización.
- A mellora e o dimensionamento adecuado da infraestrutura técnica e organizativa que materializa o Campus Virtual e a introdución de novas ferramentas de docencia en liña.
- A implantación de laboratorios de prácticas en liña para todas as materias que o admitan.
- O acceso desde calquera localización aos recursos bibliotecarios que actualmente, en xeral por limitacións do provedor, non se podían consultar desde fora da rede da USC.
- A obriga de continuar a implantación progresiva da administración electrónica e a mellora das aplicacións de xestión para que todos os trámites se fagan en soporte electrónico, en especial nas áreas de recursos humanos e xestión económica.

O presente documento recolle en primeiro lugar a motivación da reforma que nel se presenta e, a continuación, a súa formalización en función do colectivo ao que afecta (funcionario ou laboral) e de se o cambio opera sobre unidades organizativas, categorías laborais ou postos da RPT, distinguindo os seguintes supostos:

- Nova creación
- Cambios de denominación
- Cambios de adscrición
- Supresión

Acompaña a esta documentación no Anexo I a valoración económica das creacións e supresións de postos en termos anuais.

2. Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións

A estrutura de persoal da ATIC procede da reforma realizada en 2005. Antes desta reforma existían tres servizos vinculados ás TIC e, grazas á constitución da Área, creouse unha estrutura unificada que facilitou a coordinación do traballo e asunción de novos ámbitos de actividade.

Á parte dos postos de dirección e subdirección, esta reforma introduciu un segundo nivel de postos singularizados formado por dez responsables de áreas de carácter funcional e tecnolóxico. Co paso dos anos,

dous destes postos singularizados, o Coordinador de Aulas de Informática e o Responsable de Software, quedaron vacantes por xubilación das persoas que os ocupaban e as súas funcións distribuíronse entre o resto do persoal da área. O posto de Responsable de Software amortizouse e o posto de Coordinador de Aulas de Informática ocupouse cun perfil distinto ao da súa creación inicial para dar resposta ás demandas na área académica.

A ATIC asumiu responsabilidades crecentes en todos os ámbitos e especialmente nas áreas de operación de aplicacións, proxectos, sistemas, servizos e seguridade. Aplicando o criterio de delegación, xa previsto na reforma, o Responsable de Desenvolvemento coordina a actividade de cinco persoas que se fan cargo de cinco áreas funcionais no que corresponde á operación de aplicacións e proxectos asociados. Estas cinco persoas asumiron estas responsabilidades sen que fosen creados os postos singularizados correspondentes ao incremento de funcións.

Na unidade de sistemas esta delegación tampouco foi posible polas limitacións de persoal delegar a responsabilidade de coordinación do traballo ou de execución de proxectos. O incremento da carga de traballo derivada do aumento da complexidade tecnolóxica e do aumento da actividade xeral da ATIC, especialmente nas unidades de Desenvolvemento e Seguridade, foi asumida en gran parte polo Responsable de Sistemas sen que se dotase á unidade do persoal necesario para facer fronte aos novos requirimentos. Aínda permanecen na Unidade de Sistemas funcións máis propias das unidades de Atención a Usuarios ou de Desenvolvemento, que non se puideron traspasar debido a carencias similares nas outras unidades.

Respecto á Unidade de Seguridade, o seu responsable asumiu durante os últimos anos funcións que exceden o ámbito da ciberseguridade e pertencen ao da seguridade da información. Deste xeito, exerceu as funcións e responsabilidades do posto de responsable de seguridade descrito no Real decreto 3/2010, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade. Así mesmo, o incremento dos servizos que requiren protección e das ameazas ás que estes están expostos, obrigou á implantación dunha complexa plataforma de seguridade composta por múltiples sistemas que requiren coñecementos moi específicos. A ausencia de persoal dispoñible fixo imposible a delegación de parte destas responsabilidades. O Consello de Goberno aprobou, na sesión de 29 de xullo de 2019, unha reorganización da Secretaría Xeral pola que se creou a área de Seguridade da Información, dotada dun posto de Responsable de Seguridade da Información, que ten entre as súas funcións as descritas no decreto do Esquema Nacional de Seguridade. A partir de este momento o posto de Responsable de Seguridade da ATIC volve a centrarse nas funcións específicas da ciberseguridade.

Da reforma de 2005 quedaron algunhas accións pendentes de executar como dotar dun deseño á área de multimedia en relación coas funcións do CeTA e do SERVIMAV ou a crear un comité de coordinación entre a dirección e responsables da área TIC. Tampouco se resolveu o encaixe da Oficina Web na súa relación coa ATIC xa que, salvo no tempo que estivo integrada dentro da estrutura da ATIC durante o mandato do reitor Juan Casares Long, operou cunha coordinación claramente insuficiente tendo en conta a dependencia desta oficina cos servizos TIC.

Así mesmo, en 2014 suprimiuse o posto de subdirector, pasando este a ocupar o posto singularizado de director da Área. Este cambio, aínda que transitorio de cara a unha modificación inminente da RPT da área, supuxo na práctica a perda doutro recurso máis, incrementando a carga do resto dos responsables e da dirección da Área.

A creación da ATIC permitiu simplificar a estrutura interna e comezar a orientar o traballo da Área á xestión de proxectos e á prestación de servizos, así como a xestión das infraestruturas. Así mesmo, aínda sobrevive na organización da Área unha visión máis tradicional, centrada na xestión de activos tecnolóxicos.

A Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade promoveu a reforma que se propón, desde a óptica de que a ATIC debe organizarse arredor de servizos, tal e como os perciben os usuarios e usuarias da comunidade universitaria, deixando atrás progresivamente o deseño articulado arredor de ámbitos técnicos de carácter interno.

3. Traballos previos de avaliación do estado das TIC na USC

No ano 2016, o anterior equipo encargou un informe sobre a situación das TIC na USC no que respecta ao modelo de gobernanza e á estrutura da ATIC en relación coa prestación dos servizos TIC á comunidade universitaria. O Prof. Dr. D. Antonio Mosquera González presentou o 16 de febreiro de 2017 o informe titulado Proposta de goberno das TIC na USC.

Como resultado das propostas contidas no informe definiuse un modelo de gobernanza das TIC no Regulamento para a gobernanza das tecnoloxías da información e das comunicacións da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno o 12 de maio de 2017.

Na segunda parte do informe (páx. 26 e ss.), o redactor propón unha modificación da estrutura da ATIC como consecuencia das responsabilidades reais que ten constatado no apartado de diagnóstico. Así mesmo, a organización que propón tamén atende ao principio de orientación á prestación de servizos que recomenda en seccións previas do documento. Estas recomendacións comprenden a creación dunha oficina de proxectos, dunha unidade de operación de aplicacións e a creación dunha unidade de atención a Usuarios, Servizos e Centros.

Con vistas a obter información de primeira man da percepción dos servizos TIC da USC e da súa cobertura por parte da ATIC, desenvolveuse un proceso de recollida de información, contraste e análise durante os meses de xaneiro e febreiro de 2020. A estrutura organizativa e funcións asignadas a cada unidade e posto singularizado fundaméntanse na experiencia acumulada de funcionamento da actual estrutura da ATIC e na intención de resolver os problemas e aproveitar as oportunidades identificadas pola dirección da universidade, os profesionais da Área e as persoas da comunidade universitaria que colaboraron no proceso de consultas mencionado.

4. Proposta de reforma da Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións

4.1 Modelo de funcionamento

O nivel de complexidade e as esixencias de madurez derivadas do uso cada vez máis extensivo das TIC no ámbito da docencia, investigación e administración suxiren a necesidade de abordar os problemas desde principios e métodos probados noutras organizacións de tamaño e necesidades similares. Calquera enfoque precisa dun criterio claro de organización que teña en conta o obxectivo final de dar satisfacción aos obxectivos da organización e ás necesidades dos usuarios e usuarias da comunidade universitaria. Neste campo, a orientación a servizos é o principio adoptado pola maioría das organizacións.

Enténdese como servizo o conxunto de ferramentas, actividades, documentación e persoal destinados a fornecer valor aos/ás usuarios/as finais. Cada organización define o catálogo de servizos de tecnoloxías da información que precisa en función dos seus obxectivos xerais. A operación continua dos servizos é un caso típico de proceso encomendado a unha unidade especializada na xestión do ciclo de vida do servizo, que inclúen o deseño, a posta en marcha, mantemento, modificación e retirada do servizo.

Os procesos de xestión de servizo precisan a asistencia de unidades e funcións complementarias, encargados a outros departamentos da organización TIC. A infraestrutura técnica básica para a operación dos servizos fórnese a través de unidades que se encargan da infraestrutura de sistemas, rede, etc. A creación ou

modificacións substanciais de servizos teñen un enfoque acoutado no tempo e non encaixan na xestión de procesos, polo que se delegan nunha unidade específica para a xestión de proxectos. Finalmente, a relación cos usuarios/as e xestión das incidencias de servizo correspóndenlle aos centros de atención aos/ás usuarios/as.

Este esquema está normalizado en estándares como a Information Technology Infrastructure Library (ITIL). O uso destas referencias estándar —convenientemente adaptadas ao tamaño, complexidade e necesidades da organización— permite a certificación dos profesionais e dos procesos.

A proposta que se presenta nesta memoria ten en conta o punto de partida da organización actual da Área TIC e parte das conclusións do informe Proposta de goberno das TIC na USC para estendelo cunha definición máis clara de aplicacións e servizos, de forma que o resultado estea aliñado coas boas prácticas do sector que se mencionan no propio informe. Este enfoque máis amplo permite definir con maior coherencia as funcións da unidade de operación de servizos e, ao mesmo tempo, esixe que se lle dea máis cohesión ás responsabilidades de xestión de proxectos, soporte de sistemas, seguridade e dirección do Centro de Atención a Usuarios/as. Así mesmo, búscase unha estrutura cunha organización e unha dotación de persoal que favoreza a resposta áxil ás demandas diarias, a asunción de responsabilidades, a coordinación entre os diferentes ámbitos técnicos das TIC e a facilidade para articular equipos de traballo para proxectos específicos.

A extensión do ámbito de aplicación dos servizos TIC aconsella dotar a algunha destas unidades dunha estrutura interna que permita a distribución de traballos e responsabilidades, seguindo un criterio funcional complementario ao marcado pola filosofía xeral de orientación a servizos. Por esta razón inclúese un segundo nivel de responsabilidade nas unidades de infraestruturas e operación.

Finalmente, a actualización da estrutura da ATIC no sentido que se ten explicado en parágrafos anteriores non pode reducirse a un axuste no esquema de postos singularizados. A división clásica de funcións dos postos base da área quedou obsoleta polas mudanzas tecnolóxicas e metodolóxicas deste sector profesional de forma que a división ríxida en tres grupos, e a súa división en especialidades, provoca disfuncións evidentes no traballo do día a día. Así pois, é necesario establecer unha estratexia de clasificación de postos que atenda ás funcións reais que se deben desempeñar.

4.2 Dotación

A dotación de persoal da Área está constituída por persoal laboral dos grupos I, II e III, divididos en especialidades en cadanseu destes grupos. Esta división correspóndese a unha organización do traballo no ámbito das TIC que xa non existe na actualidade. A evolución da tecnoloxía e dos métodos de traballo borra as diferenzas clásicas entre o persoal que se ocupa das aplicacións, dos sistemas e do desenvolvemento. Así mesmo, as actividades de operación dos sistemas na súa concepción tradicional, os postos denominados historicamente como “operadores”, van desaparecendo pola evolución do hardware e do software e a automatización crecente destas tarefas.

Así pois, o carácter transversal das actividades e mais a desaparición dalgunhas tarefas aconsellan adaptar a estrutura básica do persoal da ATIC a esta realidade. O obxectivo debe ser dispor de persoal cunha cualificación elevada para o deseño, operación e xestión de sistemas e proxectos, que podan transitar facilmente desde as tarefas de creación de novos servizos á súa operación e permitan usar de forma flexible os recursos dedicados ás TIC, sempre insuficientes con respecto á demanda da institución e os usuarios.

Por estas razóns, propónse simplificar a estrutura dos grupos I, II e III do persoal laboral asignado á ATIC, eliminando as actuais especialidades e asignando a mesma categoría ao persoal do mesmo grupo. Este cambio debe realizarse sen prexuízo de que, por razóns do ordenamento xurídico en materia de informática e

telecomunicacións, sexa necesario dotarse de prazas cunha titulación ou cualificación específica. Así pois, propónse a seguinte transformación de categorías:

Grupo	Categoría actual	Categoría transformada
I	Analista informático	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións
I	Técnico superior de telecomunicacións	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións
II	Técnico xestor de sistemas (especialidade en programación)	Técnico xestor de tecnoloxías da información e das comunicacións
II	Técnico xestor de sistemas (especialidade en xestión de sistemas)	Técnico xestor de tecnoloxías da información e das comunicacións
II	Técnico xestor de sistemas (especialidade en xestión web)	Técnico xestor de tecnoloxías da información e das comunicacións
III	Técnico especialista de informática (especialidade administración de sistemas)	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións
III	Técnico especialista de informática (especialidade en desenvolvemento de sistemas)	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións

As listas de agarda das categorías que se propón transformar serán refundidas cos criterios que se acorden cos representantes dos traballadores e traballadoras sen que implique novos procesos selectivos.

Tendo en conta a adscrición de grupos actual e a cualificación das persoas que os ocupan, procede a transformación de prazas coa finalidade de facilitar o desenvolvemento da carreira profesional prevista na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Estas transformación comportará a supresión das prazas do grupo inferior e a inclusión de 10 prazas na oferta de promoción interna independente correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2020, que se executarán nunha única convocatoria dentro do prazo establecido para o desenvolvemento das ofertas de emprego.

Por outra banda, co obxecto de facilitar a promoción do persoal que desenvolve as súas funcións desde o Campus de Lugo, os postos de subdirección e de responsable aparecen asignados aos dous campus de xeito que se o persoal deste campus obtén algún deses postos no proceso de provisión, poidan desempeñalo desde esta cidade. Así mesmo, as prazas de promoción interna -8 de grupo I e 2 de grupo II- contempladas na Oferta de Emprego Público de 2020 estarán tamén asignadas aos dous campus para facilitar a promoción do seu persoal.

Por último, os postos de responsable ábreanse a tres grupos permitindo a súa cobertura con persoal das tres categorías creadas. Esta apertura implicará a definición dos requisitos para a súa ocupación por parte do grupo III.

4.3 Estrutura

Unha parte significativa das deficiencias recollidas no diagnóstico derivanse da actual estrutura unipersonal de Dirección, que fai recaer todo o peso da xestión de recursos humanos, formación, orzamento e gasto, decisións


operativas que impliquen a máis dunha unidade e representación na figura do director. O segundo nivel de responsables técnicos non ten competencias na parte organizativa e de xestión.

Tomando en consideración as necesidades de mellorar a execución da operación e da xestión ordinaria, o seguimento de proxectos, o compromiso na satisfacción das necesidades percibidas polas persoas usuarias e os responsables da dirección dos centros, unidades e órganos de goberno e a estrutura que existe noutras universidades que se estudaron na fase de diagnóstico, propónse crear un nivel de subdireccións. Cada subdirector terá responsabilidades organizativas e de xestión no ámbito da súa área de traballo e de coordinación técnica das unidades que del dependan. A estrutura de dirección que se propón crear está formada polas seguintes unidades organizativas:

- Dirección da ATIC
- Subdirección de infraestruturas
- Subdirección de servizos para a docencia e a investigación
- Subdirección de coordinación e operacións
- Subdirección de proxectos
- Subdirección de ciberseguridade
- Negociado da Área TIC

A dependencia orgánica da Área será da Xerencia e a funcional será compartida entre a Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade e a Xerencia.

A estrutura organizativa ilústrase na Figura 1: Organización xeral.






Figura 1. Organización xeral

As diferentes subdireccións contarán cos responsables que se describen a continuación, sen prexuízo de que organizativamente estarán adscritos á Dirección para a súa asignación temporal a outras subdireccións en función das necesidades do servizo.

No relativo aos postos base, quedarán asignados así mesmo á Dirección co obxecto de distribuír correctamente as cargas de traballo.

4.4 Subdirección de Infraestruturas

O obxecto desta subdirección é dispor unha unidade que se ocupe de todos os asuntos relacionados coas infraestruturas de comunicacións e procesamento de información necesarias para a implementación dos servizos TIC.

A agrupación nunha única unidade de todas as funcións relacionadas coa creación, mantemento e operación da infraestrutura básica TIC da USC permitirá optimizar os recursos dedicados a estes labores e mellorar a coordinación do persoal asignado.

Con respecto á organización actual da área, a Subdirección de Infraestruturas concentrará as funcións, recursos e persoal dedicados actualmente á xestión das redes de voz e datos e das funcións, recursos e persoal da actual unidade sistemas directamente vinculados co mantemento da infraestrutura, tanto nos centros de proceso físicos que actualmente xestiona a ATIC como aqueles dos que se dispón ou se implanten na nube. O persoal da Unidade de Sistema que na actualidade se ocupa da operación de servizos básicos integrarase na Subdirección de Coordinación e Operación.

Sen prexuízo da descrición detallada das funcións, pendente do desenvolvemento nas fichas do Manual de funcións correspondentes aos postos base e singularizados asignados, as principais funcións desta subdirección serán:

- A planificación, deseño, dirección de proxectos, supervisión e operación da infraestrutura de comunicacións de voz e datos da USC.
- O deseño e operación dos centros de datos, físicos e virtuais da USC, ata o nivel do sistema operativo xunto con todas as actividades necesarias para asegurar o seu funcionamento.
- A definición e implantación dos servizos básicos de sistemas (directorios, bases de datos, almacenamento, sistemas de identificación, entre outros) que se empregan para a implantación dos servizos.

O organigrama da Subdirección de Infraestruturas, ilustrado na Figura 2, contará cos seguintes postos singularizados, cuxas funcións, ao igual que as do subdirector, se detallarán nas fichas correspondentes do manual de funcións, pendentes de desenvolvemento:

- Responsable de redes de comunicacións
- Responsable de centros de datos
- Responsable de servizos básicos

- Responsable do Campus de Lugo




Figura 2. Organización da Subdirección de Infraestruturas

4.5 Subdirección de Servizos para a Docencia e a Investigación

Esta subdirección concentrará todos os medios técnicos e humanos necesarios para prestar a atención de primeiro nivel, directamente en contacto cos membros da comunidade universitaria que usan os servizos TIC. Terá a responsabilidade da provisión e mantemento do equipo de posto de traballo e encargarse de supervisar e coordinar todas as actividades necesarias para a creación, modificación ou retirada de servizos do catálogo de servizos TIC da USC.

Esta subdirección orientarase fundamentalmente ao apoio dos servizos TIC necesarios para a docencia e a investigación, con especial dedicación ás tarefas de asesoramento ao PDI e aos grupos de investigación no que respecta á subministración de software, provisión de postos de traballo, documentación e difusión dos servizos e control de calidade da súa operación.

O Centro de Atención aos/ás Usuarios/as dependerá directamente do Subdirector desta unidade.

Son funcións da unidade, detalladas no Manual de funcións, as seguintes:

- A asistencia aos centros, departamentos, institutos e, en xeral, a calquera unidade que presta servizos relacionados coa docencia e a investigación na definición, adquisición, operación e mantemento dos elementos necesarios para os servizos TIC relacionados co ámbito docente e investigador.
- A definición, implementación e xestión de todos os aspectos relacionados cos servizos TIC dos postos de traballo nas unidades administrativas, centros, departamentos, unidades de investigación e aulas de informática.
- O mantemento do catálogo de servizos e a supervisión dos procedementos para a posta en marcha de servizos, operación e retirada con especial atención á información que se lle dá ás persoas usuarias.
- A asistencia aos centros no uso dos medios necesarios para implementar a docencia virtual e as comunicacións neste tipo de plataformas.

O organigrama da Subdirección de servizos para a docencia e a investigación, ilustrado na Figura 3, contará cos seguintes postos singularizados, cuxas funcións, ao igual que as do subdirector, se detallan nas fichas correspondentes do manual de funcións:

- Responsable de atención a centros e unidades
- Responsable equipamento TIC de centros e persoal da USC
- Responsable de calidade dos servizos

- Responsable multimedia

Dada a importancia cada vez maior do equipamento multimedia, videoconferencia e sistemas de comunicacións por vídeo e voz de uso persoal ou colectivo, mantense nesta subdirección ao responsable de sistemas multimedia. En calquera caso, é necesario aclarar a relación destas funcións coas que está a desenvolver o CeTA e o SERVIMAV no mesmo ámbito.




Figura 3. Organización da Subdirección de Servizos para a Docencia e a Investigación

4.6 Subdirección de Coordinación e Operación

Esta unidade ocuparase de asegurar o funcionamento de todos os servizos e aplicacións de usuario final e da operación diaria destes. Comprende as actividades que actualmente realizaba parte do persoal da unidade de sistemas no referido á xestión das ferramentas de Microsoft 365, en particular do correo electrónico, servizos de integración e instalación e actualización de aplicacións institucionais sobre a base técnica que lles fornece a Subdirección de Infraestruturas.

Así mesmo, concéntranse nesta unidade todos os grupos da antiga Unidade de Desenvolvemento que operaban as aplicacións institucionais de xestión e atendían ás necesidades técnicas e funcionais dos servizos administrativos que as utilizan.

As funcións principais da unidade serán:

- A coordinación da operación diaria de todos os servizos que afectan ás persoas usuarias da comunidade universitaria.
- A operación das aplicacións institucionais que dan servizo á docencia e á investigación, en todos os seus ámbitos, académicos e administrativos.
- A operación dos servizos comúns e dos sistemas de integración que empregan as aplicacións.
- O mantemento e operación do almacén de datos corporativo.

O organigrama da Subdirección de Coordinación e Operación, ilustrado na Figura 4, contará cos seguintes postos singularizados, cuxas funcións, ao igual que as do subdirector, se detallarán nas fichas correspondentes do manual de funcións, pendentes de desenvolvemento:

- Responsable de operación de servizos para a docencia
- Responsable de operación de servizos para a investigación
- Responsable de operación de servizos administrativos xerais

- Responsable de operación de servizos comúns e integración




Figura 4: estrutura da Subdirección de Coordinación e Operación

4.7 Subdirección de Proxectos

Nesta unidade agrúpanse as funcións de xestión dos proxectos TIC dirixidos a crear, modificar ou retirar servizos do catálogo de servizos TIC da USC. Fai as funcións de oficina de proxectos para toda a área e conta con recursos técnicos e humanos para a xestión dos proxectos e a implementación de aspectos críticos que requiren do coñecemento das peculiaridades da infraestrutura e sistemas de xestión universitarios.

Son funcións da unidade, detalladas no Manual de funcións, as seguintes:

- A identificación de necesidades, o estudo da viabilidade técnica e funcional das solucións e a formulación de propostas para a implementación de novos servizos dirixidas aos órganos de goberno TIC e da institución.
- A definición, dirección, licitación, seguimento e control de calidade dos proxectos de implementación, modificación ou retirada dos servizos.
- A dirección e execución dos proxectos de servizos que se decida abordar con medios propios.

O organigrama desta subdirección contará cun único posto singularizado, o do/a subdirector/a, cuxas funcións se detallarán na ficha correspondente do Manual de funcións.

4.8 Subdirección de Ciberseguridade

Correspóndese coa actual Unidade de Seguridade e as súas funcións comprenderán todas as actividades necesarias para o despregamento seguro dos servizos definidos no catálogo, actuando de xeito transversal con respecto ao resto de subdireccións.

Son funcións da unidade, concretadas no Manual de funcións, as seguintes:

- Responsabilizarse da seguridade informática na USC.
- Aplicar os aspectos técnicos da lexislación en materia de seguridade.
- Desenvolver as políticas de seguridade no nivel técnico, en coordinación co resto de unidades da ATIC.
- Dirixir, coordinar e aplicar os mecanismos de seguridade en caso de emerxencias ou incidentes de seguridade.

No que respecta ao seu organigrama, o único posto singularizado será o de Subdirector e as súas funcións recolleranse na ficha correspondente do Manual de funcións.

6. Unidades organizativas

6.1 Creación de unidades

Denominación	Adscrición	Observacións
Subdirección de Infraestruturas	Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións	
Subdirección de Servizos para a docencia e a Investigación	Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións	
Subdirección de Coordinación e Operación	Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións	
Subdirección de Proxectos	Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións	
Subdirección de Ciberseguridade	Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións	

7. Categorías laborais

Denominación	Grupo de adscrición	Categorías antigas
Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións	I.1	Analista informático Técnico superior de telecomunicacións
Técnico xestor de tecnoloxías da información e das comunicacións	II.1	Técnico xestor de sistemas, especialidade programación Técnico xestor de sistemas, especialidade xestión de sistemas Técnico xestor de sistemas, especialidade xestión web
Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	III.1	Técnico especialista de informática, especialidade administración de sistemas Técnico especialista de informática, especialidade desenvolvemento de sistemas

8. Modificacións da relación de postos de traballo de persoal laboral

8.1 Creación de postos

Denominación e adscrición	Categoría	Nº efectivos	Grupo	CPS	Campus	SP	TP	X/Q	Observacións
Subdirector/a de coordinación e operacións. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das	1	I	1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	

Denominación e adscrición	Categoría	Nº efectivos	Grupo	CPS	Campus	SP	TP	X/Q	Observacións
	comunicacións								
Subdirector/a de infraestruturas. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I	1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Subdirector/a de servizos para a docencia e a investigación. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I	1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Subdirector/a de proxectos. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I	1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Responsable de redes de comunicacións. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Responsable de centros de datos. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	

Denominación e adscrición	Categoría	Nº efectivos	Grupo	CPS	Campus	SP	TP	X/Q	Observacións
Responsable de servizos básicos. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Responsable equipamento TIC de centros e persoal da USC. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Responsable de calidade dos servizos TIC. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Responsable de operación de servizos para a docencia. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	

Denominación e adscrición	Categoría	Nº efectivos	Grupo	CPS	Campus	SP	TP	X/Q	Observacións
	de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións								
Responsable de operación de servizos para a investigación. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Responsable de operación de servizos administrativos xerais. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	
Responsable de operación de servizos comúns e integración. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicación / Técnico especialista de	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	

Denominación e adscrición	Categoría	Nº efectivos	Grupo	CPS	Campus	SP	TP	X/Q	Observacións
	tecnoloxías da información e das comunicacións								
Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións	Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións	2	II	-	Compostela/Lugo	C	NS		
Responsable de atención aos centros e unidades. Área TIC	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións / Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	1	I/II/III	1.1.1/2.1.1/3.1.1	Compostela/Lugo	C	S	M-DH	

8.2 Cambios de categoría de postos

Situación actual				Modificación proposta
Denominación e adscrición	Categoría	Nº efectivos	Persoal adscrito	Categoría
Director/a Área TIC	Analista informático/Técnico superior de telecomunicacións	1	Velo García, José Manuel (LBF, AP)	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións
Responsable de proxectos institucionais. Vicexerente. Reitoría	Analista informático	1	Rubal López, Xosé Antonio (LBF, Tit.: si)	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións

Situación actual				Modificación proposta
Denominación e adscrición	Categoría	Nº efectivos	Persoal adscrito	Categoría
Responsable de seguridade da información. Secretaría Xeral	Analista informático	1	Trastoy García, Juan Manuel (LBF, Tit: non)	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións
Director/a Oficina Web	Técnico xestor de sistemas, esp. Xestión web	1	Rey Sanchiz, Pedro (LBF, Tit.: si)	Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións

8.3 Cambios de denominación e categoría de postos

Situación actual			Modificación proposta		
Denominación e adscrición	Categoría	Persoal adscrito	Denominación	Categoría	Observacións
1 Responsable de seguridade. Área TIC	Técnico superior de telecomunicacións	Pizarro Bedoya, José Antonio (LBF, Tit.: si)	Subdirector/a de ciberseguridade.	Téc. sup. de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente
1 Responsable de sistemas multimedia	Técnico superior de telecomunicacións/ Analista informático	Docampo Darriba, Andrés (LBF, Tit.: si)	Responsable de sistemas multimedia	Téc. sup. de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente
1 Responsable da Rede de Lugo	Técnico superior de telecomunicacións	Carballal Díaz, Óscar Manuel (LBF, Tit.: si)	Responsable Campus de Lugo	Téc. sup. de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente

Situación actual			Modificación proposta		
Denominación adscrición	Categoría	Persoal adscrito	Denominación	Categoría	Observacións
1 Administrador de datos. Área TIC	Analista informático	Conde Pérez, Diego (LBF, Tit.: si)	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións.	Téc. sup. de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente
10 Analista informático. Area TIC	Analista informático	Dopazo Oubiña, Mª José (LBF, Tit.: si) Cabanas Rodríguez, Mª José (LBF, Tit.: si) Domínguez Groba, Antonio (LBEV, Tit.: non) Trastoy García, Juan Manuel (LBF, Tit.: si) Piñeiro Domínguez, José Manuel (LBF, Tit.: si) Lema Pérez, Victoriano (LBF, Tit.: si) Lamas Sánchez, Abel (LBF, Tit.: si) Rodríguez Grille, Emilio José (LBF, Tit.: si) Goy López, Ana Mª (LBF, Tit.: si) Tarrío Carrodeguas, Carlos (LBF, Tit.: si)	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións.	Téc. sup. de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente
1 Técnico superior de telecomunicacións. Área TIC	Técnico superior de telecomunicacións	García Varela, Álvaro (LBF, Tit.: si)	Técnico superior de tecnoloxías da información e das comunicacións.	Téc. sup. de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente
2 Técnico xestor de sistemas, esp. programación. Área TIC	Técnico xestor de sistemas, esp. programación	Crego García, Roberto (LBF, Tit.: si) Girón Martínez, Enrique José (LBF, ATFCS)	Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións.	Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente
7 Técnico xestor de sistemas, esp. xestión	Técnico xestor de sistemas, esp. xestión	Presedo Díaz, Mª Gloria (LBEV, Tit.: non) Seijas Rivas, Manuel (LBF, Tit.: si)	Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da	Técnico xestor de sistemas de	Declárase equivalente

Situación actual			Modificación proposta		
Denominación adscrición	Categoría	Persoal adscrito	Denominación	Categoría	Observacións
de sistemas. Área TIC	de sistemas	Suárez Suárez, Gonzalo (LBEV, Tit.: non) Casas del Río, Aser (LBF, Tit.: si) Antelo Castelo, José Antonio (LBF, Tit.: si) Vázquez Blanco, Juan José (LBF, Tit.: si) Pazos Ferreiro, José Alberto (LBF, Tit.: si)	información e das comunicacións.	tecnoloxías da información e das comunicacións	
1 Técnico xestor de sistemas, esp. xestión web. Área TIC	Técnico xestor de sistemas, esp. xestión web	Martínez Sobrino, Luis Alberto	Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións.	Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente
25 Técnico especialista informática, especialidade administración de sistemas. Área TIC	Técnico especialista informática, especialidade administración de sistemas	Raviña Furelos, Juan Carlos (LBF, Tit.: si) Pazos Cheda, María Belén (LBF, Tit.: si) Salgueiro Otero, José Manuel (LBF, Tit.: si) Villa Álvarez, Eduardo (LBF, Tit.: si) Saavedra López, Ignacio (LBF, Tit.: si) Lata Fernández, Jacobo (LBEV, Tit.: non) Sánchez López, M ^a Jesús (LBF, Tit.: si) Rivas Barros, M ^a de los Ángeles (LBF, Tit.: si) Cabado Lourés, M ^a dos Anxos (LBF, AP) González Bermúdez, Rubén (LBF, Tit.: si) Espasandín Castro, Jaime (LBF, Tit.: si) Cascallana Osorio, Ramiro (LBF, Tit.: si) Varela Martínez, Manuel Ángel (LBF, Tit.: si) Villar Couto, David Tovías (LBF, Tit.: si) Rodríguez Rodríguez, Rafael (LBF, Tit.: si) Costa Lema, Antonio Francisco (LBF, Tit.: si)	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente

Situación actual			Modificación proposta		
Denominación adscrición ^e	Categoría	Persoal adscrito	Denominación	Categoría	Observacións
		Fraga Ares, Marcos (LBF, Tit.: si) Lata Blanco, Néstor (LBF, Tit.: si) Casas Abeijón, Constantino (LBF, Tit.: si) Calvo Roo, Primitivo (LBF, Tit.: si) Ozores González, Concepción (LBF, Tit.: si) Val Barbeira, Ignacio (LBF, Tit.: si) Osorio Peláez, César (LBF, Tit.: si) Moure Ramos, José Antonio (LBF, Tit.: si) Villar Andújar, Roberto (LBF, Tit.: si)			
8 Técnico especialista informática, especialidade desenvolvemento de sistemas. Área TIC	Técnico especialista informática, especialidade desenvolvemento de sistemas	Vilariño Fidalgo, Tomás (LBF, Tit.: si) Riveira Ruanova, Daniel (LBF, Tit.: si) Lameiro Ces, M ^o de la Concepción (LBF, Tit.: si) Rego Tesouro, Ignacio (LBF, Tit.: si) Girón Martínez, Enrique José (LBF, Tit.: si) Villar Suárez, Rafael (LBF, Tit.: si) Outeiral Barbazán, Agustín (LBEV, Tit.: non) Martín Ponte, David (LBF, Tit.: si)	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente

8.4 Cambio de adscrición, denominación e categoría de posto

Situación actual			Modificación proposta		
Denominación adscrición ^e	Categoría	Persoal adscrito	Denominación e adscrición	Categoría	Observacións
1 Técnico especialista informática, especialidade	Técnico especialista informática, especialidade	Muñiz Sobrido, Luis Miguel (LBF, Tit.: si)	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das	Técnico especialista de tecnoloxías da	Declárase equivalente

Situación actual			Modificación proposta		
Denominación e adscrición	Categoría	Persoal adscrito	Denominación e adscrición	Categoría	Observacións
administración de sistemas. Xerencia	administración de sistemas		comunicacións. Área TIC	información e das comunicacións	
3 Técnico especialista informática, especialidade desenvolvemento de sistemas. Xerencia	Técnico especialista informática, especialidade desenvolvemento de sistemas	Tosar Míguez, Catarina (LBF, Tit.: si) Ínsua García, José Manuel (LBF, Tit.: si) Candela Iglesias, Adrián (LBF, Tit.: si)	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións. Área TIC	Técnico especialista de tecnoloxías da información e das comunicacións	Declárase equivalente

8.5 Supresión de posto

Denominación posto	Unidade de adscrición	Nº Efec.	Grupo	SP	TP	X/Q	CPS	Campus	Observacións
Coordinador da rede de aulas informáticas	Área TIC	1	I	C	S	M-DH	1.2	Compostela	
Responsable de desenvolvemento	Área TIC	1	I	C	S	M-DH	1.2	Compostela	
Responsable da rede de datos	Área TIC	1	I	C	S	M-DH	1.2	Compostela	
Responsable da rede de voz	Área TIC	1	I	C	S	M-DH	1.2	Compostela	
Responsable de sistemas	Área TIC	1	I	C	S	M-DH	1.2	Compostela	
Responsable de asistencia a usuarios	Área TIC	1	III	C	S	M-DH	3.2	Compostela	
Técnico especialista informática	Área TIC	10	III	C	NS		-		Pendente de determinar os postos concretos a suprimir

Claves:

SP sistema de provisión
LD: libre designación
C: concurso
TP: tipo de posto
S: singularizado
NS: non singularizado

X/Q: xornada/quenda

M: mañá

DH: dispoñibilidade horaria

Nivel CD: nivel complemento destino

CPS: complemento posto singularizado

FC: funcionario/a de carreira

FIV: funcionario/a interino/a en vacante

LBF: persoal laboral fixo

LBEV: persoal laboral en vacante

AP: adscrición provisional

TIT.: titular

BORRADOR

Anexo I. Valoración económica das modificacións

1. Resumo: custo total modificación presentada

Total modificacións RPT PAS Laboral	Con seg.soc.	Sen seg.soc.
Creacións	982.400,25	747.640,98
Supresións	-703.841,89	-535.648,32
TOTAL	278.558,36	211.992,66

2. Creación de postos

Denominación	Nº Efectivos	Grupo	Retribución anual	Seguridade social (31,4%)	Total
Subdirectores Área TIC (CPS 1.1)	4	I	50.783,10	15.945,89	266.915,97
Responsables Área TIC (CPS 1.1.1/2.1.1/3.1.1)	10	I/II/III	47.612,61	14.950,36	625.629,70
Técnico xestor de sistemas de tecnoloxías da información e das comunicacións	2	II	34.191,24	10.736,05	89.854,58
Totais	16		747.640,98	234.759,27	982.400,25

3. Supresión de postos

Denominación	Nº Efectivos	Grupo	Retribución anual	Seguridade social (31,4%)	Total
Coordinador aulas informática/Responsables Atic (CPS 1.2)	5	I	44.442,12	13.954,83	291.984,73
Responsable de asistencia a usuarios (CPS 3.2)	1	III	34.277,52	10.763,14	45.040,66
Téc. esp. Informática	10	III	27.916,02	8.765,63	366.816,50
Totais	24		535.648,32	168.193,57	703.841,89